

FRAGAS DO EUME

Guía e plano
Guía y plano



@MAmbienteXunta



PARQUE NATURAL FRAGAS DO EUME

As Fragas do Eume, que se estenden por un abrupto val de profundas gargantas, presumen de ser o bosque atlántico costeiro mellor conservado de Europa e un dos escasísimos do seu tipo no continente. Foi declarado parque natural, o quinto de Galicia, no ano 1997. Abarca 9.125 hectáreas de bosques que seguen o curso do río Eume, é o segundo maior dos parques naturais galegos tras o de Baixa Limia-Serra do Xurés (Ourense).

O cañón do río Eume. No seu curso final, camiño ao Atlántico, o río labra un profundo cañón de escarpadas ladeiras, que acollen un ecosistema boscoso único de enorme biodiversidade e complexidade, configurado baixo o influxo do océano.

Un bosque habitado. Albergando un mosaico de especies forestais, entre as que dominan os carballos e castiñeiros, xunto a bideiros, amieiros, freixos, teixos, abeleiras, árbores froiteiras silvestres, loureiros, acivros e érbedos, encontran o seu hábitat máis de cen especies de aves e corenta de mamíferos que conviven con peixes como a troita ou o reo, ou especies endémicas de invertebrados e réptiles difíciles de atopar noutros lugares, como a ra ibérica ou a salamántiga rabilonga.

Feitos milenarios. Baixo o manto protector do bosque atlántico, nas ribeiras do río Eume, agóchanse ata 28 especies de feitos, reliquias dunha paisaxe propia da era cenozoica.

A pegada humana. A presenza humana na contorna das fragas pode rastrexarse en vestixios prehistóricos, e nos mosteiros medievais de Caaveiro e Monfero. Ademais, elementos etnográficos como as "curripas" testemuñan o uso e aproveitamento tradicional dos recursos da fraga por parte das comunidades locais, unha práctica que se mantivo ata o século XX.

Unha mesma paisaxe, catro paletas de cores. Unha fraga na que son protagonistas os bosques caducifolios e riparios que no seu ciclo anual transforman as texturas, cores e tonalidades do parque facéndoo único en cada estación.



PARQUE NATURAL FRAGAS DO EUME

Las Fragas do Eume, que se extienden por un abrupto valle de profundas gargantas, presumen de ser el bosque atlántico costero mejor conservado de Europa y uno de los escasísimos de su tipo en el continente. Fue declarado parque natural, el quinto de Galicia, en el año 1997. Abarca 9.125 hectáreas de bosques que siguen el curso del río Eume, siendo el segundo mayor de los parques naturales gallegos tras el de Baixa Limia-Serra do Xurés (Ourense).

El cañón del río Eume. En su curso final, camino al Atlántico, el río labra un profundo cañón de escarpadas laderas, que acoge un ecosistema boscoso único de enorme biodiversidad y complejidad, configurado bajo el influjo del océano.

Un bosque habitado. Albergando un mosaico de especies forestales, entre las que dominan los robles y castaños, junto a abedules, alisos, fresnos, tejos, avellanos, árboles frutales silvestres, laureles, acebos y madroños, encuentran su hábitat más de cien especies de aves y cuarenta de mamíferos que conviven con peces como la trucha o el reo, o especies endémicas de invertebrados y reptiles difíciles de encontrar en otros lugares, como la rana ibérica o la salamandra rabilarga.

Helechos milenarios. Bajo el manto protector del bosque atlántico, en las ribeiras del río Eume, se esconden hasta 28 especies de helechos, reliquias de un paisaje propio de la era cenozoica.

La huella humana. La presencia humana en el entorno de las fragas puede rastrearse en vestigios prehistóricos, y en los monasterios medievales de Caaveiro y Monfero. Además, elementos etnográficos como las "curripas" atestiguan el uso y aprovechamiento tradicional de los recursos del bosque por parte de las comunidades locales, una práctica que se mantuvo hasta el siglo XX.

Un mismo paisaje, cuatro paletas de colores. Una fraga dominada por bosques caducifolios y riparios que en su ciclo anual transforman las texturas, colores y tonalidades del parque haciéndolo único en cada estación.



DECÁLOGO DE BOAS PRÁCTICAS

- 1 INFÓRMATE** das normas e dos itinerarios do parque para evitar impactos que afecten os seus valores. Consulta a previsión do tempo. Entra no Centro de Visitantes e Interpretación e pide información ou chama ao teléfono do parque (Pontedeume: 881880980 e A Capela: 660669051) ou na web patrimoniounatural.xunta.gal
- 2 EQUÍPATE** Leva roupa e calzado axeitado e realiza actividades acordes ás túas capacidades. Antes de facer unha ruta comproba a dificultade e o tempo que debes investir. Lembra ter sempre cargado o móbil: o 112 é o teléfono de emerxencias, o 062 do Seprona e o 085 de incendios forestais.
- 3 MÓVETE** unicamente polas rutas e sendeiros. Transitar fóra dos camiños perturba a fauna e dana a flora e os hábitats do parque, ademais de abrir novos camiños provocando que a xente se perda; tamén pode ser unha vía de introdución de plantas exóticas.
- 4 VALORA ESTE TESOURO E NON DEIXES PEGADA.** Extrema a precaución para non molestar os animais ou danar a vexetación. Non cortes nin arrinques plantas. Recolle os teus desperdicios e non deixes rastro do teu paso, o lixo contamina, pode causar dano aos animais e o ambiente. Recorda que tampouco debes levar máis do que traes. Cada piña, planta ou landra ten a súa función no ecosistema.
- 5 DEIXA O TEU COCHE** nos aparcadoiros habilitados. Respecta a sinalización. Hai zonas onde non está permitida a circulación de vehículos motorizados.
- 6 RESPONSABILÍZATE DA TÚA MASCOTA.** Pódese acceder con elas ao parque sempre que estean suxeitas con correa.
- 7 GOZA DO DEPORTE** Se vés en bicicleta consulta as rutas que podes seguir. Se realizas alguna actividade en grupo organizado, será preciso autorización previa.
- 8 CONECTA COA NATUREZA** a través dos sentidos, camiña sen prisa e goza. Podes participar nalgunha das actividades de educación ambiental ofertadas polo parque.
- 9 A AUGA** é imprescindible para a vida. Os regatos son hábitat de vexetais e animais que nalgúns casos non se poden observar a simple vista, pero están aí, por iso non está permitido o baño fóra das zonas habilitadas. Non contamines a auga, mantémosa a súa calidade e racionalicemos o seu consumo. É un recurso esgotable.
- 10 O RUÍDO** é outro tipo de contaminación, molesta e pode provocar alteracións na fauna e na tranquilidade do lugar; evítalo.



DECÁLOGO DE BUENAS PRÁCTICAS

- 1 INFÓRMATE** de las normas e itinerarios del parque para evitar impactos que afecten a sus valores. Consulta la previsión meteorológica. Entra en el Centro de Visitantes e Interpretación e pide información o llama al teléfono del parque (Pontedeume: 881880980 e A Capela: 660669051) o en la web patrimoniounatural.xunta.gal
- 2 EQUÍPATE** Lleva ropa y calzado adecuados y realiza actividades de acuerdo a tus capacidades. Antes de realizar una ruta comprueba la dificultad y el tiempo que debes invertir. Recuerda tener siempre cargado el móvil: el 112 es el número de emergencias, el 062 del Seprona y el 085 de incendios forestales.
- 3 MUÉVETE** solo por rutas y senderos. Transitar fuera de los senderos perturba la fauna y daña la flora y los hábitats del parque, además de abrir nuevos senderos provocando que las personas se pierdan; también puede ser una forma de introducir plantas exóticas.
- 4 VALORA ESTE TESORO Y NO DEJES HUELLA.** Extrema la precaución para no molestar a los animales ni dañar la vegetación. No cortes ni arranques las plantas. Recoge tus residuos y no dejes rastro de tu paso, la basura contamina, puede dañar a los animales y al medio ambiente. Recuerda que no debes llevar más de lo que traes. Cada piña, planta o bellota tiene su función en el ecosistema.
- 5 DEJA TU COCHE** en los aparcamientos autorizados. Respecta la señalización. Hay zonas donde no se permiten vehículos motorizados.
- 6 RESPONSABILÍZATE DE TU MASCOTA.** Podrás acceder al parque con ellas siempre que vayan sujetas con una correa.
- 7 DISFRUTA DEL DEPORTE** Si vas en bicicleta, consulta las rutas que puedes seguir. Si realizas alguna actividad en grupo organizado, necesitarás autorización previa.
- 8 CONECTA CON LA NATURALEZA** a través de los sentidos, camina tranquilamente y disfruta. Puedes participar en cualquiera de las actividades gratuitas de educación ambiental que ofrece el parque.
- 9 EL AUGA** es esencial para la vida. Los arroyos son hábitat de plantas y animales, que en algunos casos no se pueden ver a simple vista, pero están ahí, por lo que no se permite el baño fuera de las zonas autorizadas. No contaminemos el agua, mantengámos su calidad y racionalicemos su consumo. Es un recurso agotable.
- 10 EL RUÍDO** es otro tipo de contaminación, perturba y puede provocar cambios en la fauna y la tranquilidad del lugar; evítalo.

RUTA 1

Camiño dos Encomendeiros
Camino de Os Encomendeiros



De ponte a ponte sigo porque me leva a historia ata o mosteiro de Caaveiro. É unha ruta que combina a natureza do bosque de ribeira coa arte domosteiro.

De puente a puente sigo porque me lleva la historia hasta el monasterio de Caaveiro. Es una ruta que combina la naturaleza del bosque de ribera con el arte del monasterio.




RUTA 5

Camiño de Pena Fesa
Camino de Pena Fesa



Ruta especial para percorrer en bicicleta de montaña. Chega ao pico máis alto do parque, a 716m, desde onde se poden ver Os Ancares ao leste e ata a ría da Coruña e incluso a torre de Hércules ao oeste.

Ruta especial para recorrer en bicicleta de montaña. Llega al pico más alto del parque, a 716 m, desde donde se pueden ver Os Ancares al este y hasta la ría de A Coruña e incluso la torre de Hércules al oeste.




RUTA 2

Camiño da Ventureira
Camino de A Ventureira



Sendeiro polo fondo do val do Eume, na zona con máis biodiversidade do parque, acompañada coa historia humana pois na senda atopamos o mosteiro de Caaveiro e antigas centrais hidroeléctricas.

Sendero por el fondo del valle del Eume, en la zona con mayor biodiversidad del parque, acompañada por la historia humana, ya que en el camino encontramos el monasterio de Caaveiro y antiguas centrales hidroeléctricas.




RUTA 6

Camiño da Pasada Vella
Camino de A Pasada Vella



Camiño que bordeia unha das zonas de reserva do parque e nos somerxe en plena fraga. Ademais de ser o que nos permite achegarnos máis preto do encoro do Eume.

Camino que bordea una de las zonas de reserva del parque, sumergiéndonos de lleno en la fraga. Además, es el que nos permite acercarnos más al embalse del Eume.




RUTA 3

Camiño Cumios de Sanguiñedo
Camino Cumbres de Sanguiñedo



Un camiño forestal polos cumios da serra de Queixeiro, con moita presenza de hábitat de matogueira, piñeirais e o espectacular miradoiro do Eume.

Un camino forestal por las cumbres de la sierra de Queixeiro, con mucha presencia de hábitats de matorral, pinares y el espectacular mirador del Eume.




RUTA 7

Camiño de Fontardión
Camino de Fontardión




A ruta máis dura do parque polos cambios de pendente, aínda así merecedora por chegar ao miradoiro do Teixido e ollar os cañóns do Eume e o final do encoro.

La ruta más exigente del parque debido a los cambios de pendiente, aunque merece la pena por llegar al mirador de Teixido y contemplar los cañones del Eume y el final del embalse.



RUTA 4

Camiño dos Cerqueiros
Camino de Os Cerqueiros




Senda circular de montaña co espectacular miradoiro da Carbueira desde o que contemplar os cañóns do encoro de Eume. É un camiño forestal amplo entre a matogueira e bosque.

Senda circular de montaña con el espectacular mirador de A Carbueira, desde el que se pueden contemplar los cañones del embalse del Eume. Es un amplio camino forestal entre el matorral y el bosque.




RUTA 8

Camiño dos Corzos
Camino de Os Corzos



Esta senda é realmente unha variante do Camiño dos Cerqueiros que se adentra na espesura da fraga. Esta senda es en realidade una variante del Camino de Os Cerqueiros que se adentra en la espesura de la fraga.









Elementos de interese Elementos de interés

-  Centro de visitantes Centro de visitantes
-  Área recreativa Área recreativa
-  Fonte Fuente
-  Miradoiro Mirador
-  Fervenza Cascada
-  Ponte Puente
-  Castelo Castillo
-  Mosteiro Monasterio
-  Igrexa-ermida Iglesia-ermita
-  Muíño Molino
-  Ruta etnográfica Ruta etnográfica
-  Museo etnográfico Museo etnográfico
-  Necrópole tumular Necrópolis tumular

Zonificación Parque Natural Zonificación Parque Natural

-  ZONA I: Reserva
-  ZONA II: uso limitado
-  ZONA III: uso compatible
-  ZONA IV: uso xeral

Cartografía Cartografía

-  Límite do Parque Natural
-  Rutas de Sendeirismo
-  Hidrografía
-  Estradas
-  Camiños
-  Sendas



Accede desde aquí á información do Parque Natural Fragas do Eume e a todas as publicacións en pdf. Escanea o código QR co teu móbil.




Accede desde aquí a la información del Parque Natural Fragas do Eume y a todas las publicaciones en pdf. Escanea el código QR con tu móvil.




Descarga aquí a App dos Parques Naturais e Nacionais de Galicia. Escanea o código QR con teu móbil

Descarga aquí la App de los Parques Naturales y Nacionales de Galicia. Escanea el código QR con tu móvil.